




# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPTO. TESOURERÍA MPAL.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09  
Móbil: 696 45 45 34  
Fax: 981 64 06 67

2010/001/000032

## PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA COMPROBACIÓN E/OU INSPECCIÓN FISCAL DE TRIBUTOS LOCAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO.

### 1. OBXECTO DO CONTRATO

Será obxecto deste contrato o asesoramento e colaboración na comprobación e/ou inspección fiscal dos tributos do Concello de Arteixo (agás os excluídos no parágrafo seguinte), así como nos procedementos sancionadores que se poidan derivar das actuacións de comprobación e/ou inspección fiscal.

Non se inclúe no obxecto deste contrato o Imposto sobre Bens Inmóveis, Imposto de Actividades Económicas nin Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica por estar delegada a súa xestión na Excmá Deputación Provincial da Coruña.

Sí se inclúen, polo tanto, o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, e taxas que se xestionen directamente polo Concello. Neste sentido sinalar que o Concello iniciou o expediente para delegar na Deputación Provincial a inspección da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo do dominio público municipal a favor das empresas explotadoras dos servizos de suministros, polo que deixaríase de estar incluída no obxecto deste contrato dende o momento da delegación efectiva.

### 2. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

#### 2.1 Consideracións xerais

A actividade que deberá desenvolver o contratista compónse de asesoramento e colaboración.

##### 2.1.1. Asesoramento

Consiste en asesoramento contínuo con contacto permanente tanto vía telefónica, correo electrónico, como presencialmente, nas oficinas municipais e no lugar que legalmente proceda, dependendo das actuacións de comprobación e/ou inspección, para resolver no acto cuestións teóricas e prácticas que se susciten no estudo e tramitación dos expedientes de comprobación e/ou inspección fiscal e nos expedientes sancionadores que se poidan derivar daqueles.

En concreto, incidirase en deseñar, analizar e avaliar as actividades de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores, así como atender as dúbidas referentes á



# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPTO. TESOURERÍA MPAL.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09  
Móbil: 696 45 45 34  
Fax: 981 64 06 67

redacción, contido e efectos de tódolos documentos emanados do Concello no exercicio das actuacións derivadas daqueles procedementos.

## 2.1.2 Colaboración

Comprende a realización “in situ” de tódalas fases dos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores.

### 2.1.2.1. Preinstrucción

Nesta fase analísase a situación de cada contribuinte. Elaboración de proposta de Plans de Inspección

### 2.1.2.2 Procedemento Inspector

Elaboración das comunicacións de inicio de actuacións inspectoras, con requerimento de documentación. Elaboración das dilixencias que deban extenderse no procedemento de inspección. Elaboración das comunicacións que deban emanarse dos procedementos de inspección. Elaboración da Proposta de Regularización, e da notificación da mesma. Elaboración material do Informe-Proposta para autorización da tramitación de Actas con acordo, así como do Decreto de autorización. Elaboración dos borradores das Actas. Elaboración das Actas. Elaboración do Informe Ampliatorio no caso de Actas de disconformidade. Elaboración da Notificación das Actas no caso de Actas de Disconformidade. Elaboración do Informe-Proposta de Decreto de Aprobación de liquidacións por transcurso de prazo no caso de Actas con acordo e Actas de Conformidade. Elaboración material do Decreto de Aprobación de liquidacións por transcurso de prazo no caso de Actas con acordo e Actas de Conformidade. Elaboración do Informe-Proposta de Resolución de alegacións. Elaboración dos Decretos de resolución de alegacións. Elaboración das notificacións dos Decretos de Resolución de alegacións.

### 2.1.2.3.- Procedemento de comprobación limitada

Elaboración das comunicacións de inicio de actuacións comprobadoras, con requerimento de documentación. Elaboración das Propostas de Regularización. Elaboración da notificación das Propostas de regularización. Elaboración material do Informe-Proposta de resolución de alegacións. Elaboración material dos Decretos de resolución de alegacións. Elaboración das notificacións dos Decretos de resolución de alegacións.

### 2.1.2.4.- Procedemento sancionador

Elaboración do inicio do procedemento sancionador. Elaboración da Proposta de Sanción. Elaboración da notificación da Proposta de Sanción. Elaboración material do Informe-Proposta de resolución de alegacións. Elaboración material dos Decretos de



# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPTO. TESOURERÍA MPAL.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Móbil: 696 45 45 34  
Fax: 981 64 06 67



resolución de alegacións. Elaboración das notificacións dos Decretos de resolución de alegacións.

## 2.1.2.5.- Resolución de recursos:

Elaboración material do Informe-Proposta de resolución de Recursos. Elaboración material da resolución administrativa. Elaboración da notificación da resolución administrativa.

## 2.1.2.6.- Notificacións:

Corresponderá ao adxudicatario a realización dos seguintes cometidos en materia de notificacións:

- Elaboración material dos documentos de notificación que saian do Departamento de Rendas e Exaccións, integrantes ou vinculados a algún expediente de comprobación e/ou inspección fiscal ou sancionador que sexa obxecto do presente contrato.
- Realización efectiva da notificación dos devanditos documentos. O custo das notificacións (incluso edictal, de ser o caso) correrá a cargo do adxudicatario, incluso o custo das notificacións das liquidacións que xurdan dos distintos procedementos.

## 2.1.2.7. Memoria trimestral

O contratista elaborará unha memoria trimestral cos traballos realizados durante o trimestre anterior e a planificación de tarefas para o seguinte, que se presentará na primeira quincena do trimestre seguinte, así como a expedición de estadísticas, resúmenes, estados, detalles de situación da tramitación de expedientes e demais información que lle sexa requerida polo concello.

## **2.3. Aplicación informática**

Para a execución do contrato, a empresa deberá poseer un programa específico de procedemento inspector e sancionador que sirva de instrumento de xestión á actividade concreta, e poñer a disposición dos responsables municipais de Xestión Tributaria, Tesoureiría e Intervención do Concello de Arteixo a posibilidade de acceso telemático a este módulo específico para a súa consulta.

2.3.1 As funcionalidades mínimas do módulo serán as seguintes:

- Análise da información tributaria.
- Formación de lotes de contribuíntes, feitos impoñibles ou bens obxecto de inspección.
- Asignación dos lotes de inspección ás persoas responsables da súa execución.
- Rexistro das actas.



# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPTO. TESOURERÍA MPAL.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09  
Móbil: 696 45 45 34  
Fax: 981 64 06 67

- Asignación da tipoloxía graduada de sancións segundo a lexislación vixente.
- Elaboración dos distintos documentos nos que se sustenta a inspección: comunicacións, dilixencias, actas, informes, etc.
- Elaboración dos distintos documentos nos que se sustentan os expedientes sancionadores.
- Xeneración de liquidacións, xuros de demora, sancións.
- Seguemento permanente do grao de cumprimento das actuacións inspectoras, do resultado das notificacións, do resultado recadatorio e do cumprimento da sanción acordada.

2.3.2 A empresa adxudicataria facilitaralle ao Concello, coa periodicidade que se determine e no formato que indicará o Servicio de Xestión, Recadación e Inspección, un ficheiro que conteña a información elaborada na súa aplicación informática, co obxecto de continuar a xestión tributaria e recadatoria no sistema informático municipal.

2.3.3. A aplicación ou programa propsto para a realización destes traballos garantirá a compatibilidade co sistema de xestión tributaria empregada no Concello: TAO-T-Systems.

## 2.4 Equipo Humano

O persoal contratado pola empresa adxudicataria en ningún caso terá a consideración ou carácter de funcionario ou empregado do Concello, nin relación laboral de ningún tipo co mesmo, dependendo exclusivamente da citada empresa que deberá atender o pagamento da súa retribución e de todas as obrigas de índole laboral.

Os traballos obxecto deste contrato realizarános persoas con experiencia ampla na inspección dos tributos locais, con coñecementos teóricos e prácticos, e actuarán conxuntamente co persoal de Rendas e exaccións, en concreto co funcionario axente de rendas e inspección e a Técnico de Rendas e Exaccións municipal, e baixo a dirección directa desta última, a Técnico de rendas e exaccións (ou funcionario en quen delegue en caso de ausencia).

Todo elo sen perxuízo das actuacións de coordinación que corresponden á Tesoureiría Municipal e da fiscalización a realizar pola Intervención Municipal.

Xustificaráse documentalmentemente a experiencia do persoal a adscribir á execución do contrato mediante:

- Presentación de currículo do persoal responsable da execución do contrato.
- Relación dos principais servizos ou traballos prestados para as entidades locais, por parte dos responsables executores do contrato, durante os últimos tres anos, que inclúa o importe liquidado e cobrado e a data de realización.




# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPTO. TESOURERÍA MPAL.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 60 00 09  
Mobil: 696 45 45 34  
Fax: 981 64 06 67



En todo caso, a realización de labores de asesoramento e colaboración contará coa dirección dun xefe de equipo que asumirá os seguintes cometidos:

- A responsabilidade do funcionamento da inspección e a efectiva execución dos traballos.
- A cualidade das actuacións realizadas e da redacción dos documentos que se deban emanar por parte do Concello nos expedientes obxecto deste contrato.
- Seguemento das actuacións e cumprimento das cláusulas contractuais.
- Relación cotiá co persoal da Intervención e Tesoureiría Municipais, actuando de interlocutor entre a empresa adxudicataria e o Concello de Arteixo
- Colaboración activa co Departamento de rendas e exaccións.

Na oferta indícarase o persoal que a empresa vai adscribir á execución do presente contrato e non se poderá modificar o persoal adscrito sen autorización expresa do Concello de Arteixo. Se requirirá como dotación mínima de persoal a dun Xefe de Equipo con titulación superior e as funcións indicadas e un/dous inspectores.

### 3. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo xeral de execución do contrato é de 24 meses. O prazo xeral está integrado polos seguintes períodos parciais:

#### 3.1 Período de asesoramento e colaboración:

Durante os 21 primeiros meses.

Entenderase que a actividade de asesoramento e colaboración está finalizada e se realiza dentro deste período nos seguintes casos:

- **PROCEDEMENTOS DE COMPROBACIÓN LIMITADA:** no momento no que se presenta no Concello para a súa tramitación a Proposta de Regularización, sempre que non sexa modificada con posterioridade polo Servizo de Rendas e Exaccións con carácter previo á sinatura da mesma, e sempre que os interesados non presenten alegacións contra a devandita Proposta de Regularización nin Recursos Administrativos contra a liquidación dentro dos prazos establecidos para a presentación de alegacións ou recursos, ou aínda no caso de que se presenten, sempre que a empresa realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de alegacións e á resolución de recursos dentro do prazo xeral do contrato.

- **PROCEDEMENTOS DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA:** Distinguirase en relación coas clases de actas que se indican a continuación:




# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPTO. TESOURERÍA MPAL.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09  
Móbil: 696 45 45 34  
Fax: 981 64 06 67

a.- actas con acordo: no momento no que se presenta no Concello o borrador da Acta para a súa sinatura polas partes interesadas, sempre que o borrador de acta presentado pola adxudicataria non sexa modificado polo Servizo de Rendas e Exaccións con carácter previo á sinatura da acta, e sempre que os interesados non presenten Recurso extraordinario de revisión dentro dos prazos establecidos ao efecto, ou aínda no caso de que se presenten, sempre que o contratista realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de recursos, e sempre que o contratista realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego para a tramitación das resolucións polas que as liquidacións contidas neste tipo de actas se transformen en liquidacións firmes.

b.- actas de conformidade: no momento no que se presenta no Concello a acta para a súa sinatura polas partes interesadas, sempre que o borrador de acta presentado pola adxudicataria non sexa modificado polo Servizo de Rendas e Exaccións con carácter previo á sinatura da acta, e sempre que os interesados non presenten Recursos Administrativos contra a liquidación dentro dos prazos establecidos ao efecto para a presentación de recursos, ou aínda no caso de que se presenten, sempre que o contratista realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de alegacións e á resolución de recursos dentro do prazo xeral do contrato, e sempre que o contratista realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego para a tramitación das resolucións polas que as liquidacións contidas neste tipo de actas se transformen en liquidacións firmes

c.- actas de disconformidade: no momento no que se presenta no Concello a acta para a súa sinatura polas partes interesadas, sempre que o borrador de acta presentado pola adxudicataria non sexa modificado polo Servizo de Rendas e Exaccións con carácter previo á sinatura da acta, e sempre que os interesados non presenten alegacións contra a devandita Proposta de liquidación contida na Acta, nin Recursos Administrativos contra a liquidación dentro dos prazos establecidos para a presentación de alegacións e recursos, ou aínda no caso de que se presenten, sempre que a empresa realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de alegacións e á resolución de recursos dentro do prazo xeral do contrato.

- **PROCEDIMENTOS SANCIONADORES**: no momento no que se presenta no Concello para a súa tramitación a Proposta de Sanción, sempre que non sexa modificada polo Servizo de Rendas e Exaccións con carácter previo á sinatura da mesma, e sempre que os interesados non presenten alegacións contra a devandita Proposta de Sanción nin Recursos Administrativos contra a liquidación de sanción tributaria dentro dos prazos establecidos para a presentación de alegacións e recursos, ou aínda no caso de que se presenten, sempre que a empresa realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de alegacións e á resolución de recursos dentro do prazo xeral do contrato.

### 3.2. Periodo de Permanencia:




# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPTO. TESOURERÍA MPAL.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09  
Móbil: 696 45 45 34  
Fax: 981 64 06 67

Durante os 3 últimos meses.

Durante este prazo de permanencia o adxudicatario seguirá facturando ao Concello en función das cantidades netas efectivamente recadadas.

Entenderáse por cantidade neta recadada a cantidade que se corresponda coas liquidacións, **sen incluír as contías que sexan consecuencia do período executivo**, as cales xestionará o Servizo de Recadación da Deputación Provincial.

Igualmente, durante este prazo o adxudicatario, para os expedientes xa en trámite, poderá realizar tódalas actuacións previstas neste prego relativas á resolución de alegacións e á resolución de recursos, así como aos decretos de liquidación por transcurso de tempo (nos casos de Actas con acordo e Actas de conformidade) aos efectos de que a actividade de asesoramento e colaboración se entenda realizada dentro do período de asesoramento e colaboración, sen que por isto se extenda o prazo máximo de 3 meses de permanencia.

## 4. ORZAMENTO DO CONTRATO

Consorte coa modalidade deste contrato, o orzamento máximo do gasto será a suma do 30% das cantidades netas recadadas nos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores derivados dos anteriores, IVE e demais exaccións ou tributos engadidos.

Entenderáse por cantidade neta recadada a cantidade que se corresponda coas liquidacións, **sen incluír as contías que sexan consecuencia do período executivo**, as cales xestionará o Servizo de Recadación da Deputación Provincial.

## 5.- PRAZO PARA COMUNICAR Á ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL A REALIZACIÓN TOTAL DA PRESTACIÓN OU PRESTACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO

Quince (15) días.

## 5.- PRAZO DE RECEPCIÓN OU DE CONFORMIDADE DO CONTRATO.

Un (1) mes.

## 6.- LUGAR OU LUGARES DE EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN OU PRESTACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO.

O contratista deberá manter durante a execución do contrato unha oficina de traballo, coa conformidade do órgano de contratación, situada no concello de Arteixo. Na oficina tamén se desenvolverán tarefas de atención e información ao contribuínte a respecto dos datos obxecto deste contrato.



# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPTO. TESOURERÍA MPAL.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 60 00 09  
Móbil: 696 45 45 34  
Fax: 981 64 06 67

## 7.- FORMA DE CONSTATAÇÃO, POR PARTE DO CONCELLO, DA CORRECTA EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS OBXECTO DE CONTRATO.

A Técnico de Rendas e Exaccións municipal procederá ao examen e comprobación detallados das actuacións propostas polo contratista para determinar se foron realizadas de acordo co contrato. Se, como consecuencia do exame e comprobación detallada, a Técnico atopa conformes as actuacións propostas, emitirá o seu informe favorable e continuará a tramitación.

Todo elo sen perxuízo das actuacións de coordinación que corresponden á Tesoureiría Municipal e da fiscalización a realizar pola Intervención Municipal.

Cando as actuacións propostas non estean conformes, a Técnico de Rendas e Exaccións dará, por escrito, ao contratista, as instrucións que considere necesarias co obxecto de remediar á súa custa as faltas ou defectos observados, fixándolle o prazo para facelo, compatible co prazo total do contrato, expirado o cal e realizada nova entrega, procederá, en igual forma, a un novo exame e comprobación detallados. Se, transcorrido o dito prazo, o contratista non cumprixe, e sempre que non lle quede tempo disponible do prazo do contrato, resolverase coas penalizacións que a tal efecto se reflicten no prego administrativo, a non ser que a Administración crea oportuno concederlle un novo prazo, que será improrrogable.

Se existe reclamación por parte do contratista a respecto das observacións e instrucións formuladas pola Técnico de Rendas e Exaccións, esta elevaráas, co seu informe, ao órgano de contratación. Se o contratista non reclamase, por escrito, dentro do prazo de dez días, contados a partir da recepción do escrito da Técnico de Rendas, entenderase que está conforme.

A empresa adxudicataria terá carácter de empresa contratista do Concello co alcance definido no Prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

A empresa adxudicataria non terá en ningún caso carácter de órgano municipal nin dependerá orgánicamente do Concello de Arteixo nin formará parte da súa estrutura administrativa

## 8.- COMPROBACIÓNS QUE SE RESERVA A ADMINISTRACIÓN NO RECOÑECIMENTO DO MATERIAL NO MOMENTO DA RECEPCIÓN DO CONTRATO.

Unha vez realizada a entrega de todos os traballos a Técnico de Rendas e Exaccións, despois do seu exame e comprobación, formulará o seu informe.






# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPTO. TESOURERÍA MPAL.

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09  
Móbil: 696 45 45 34  
Fax: 981 64 06 67

Se o dito informe é favorable, procederase á recepción dentro do mes seguinte de se ter producido a entrega dos traballos, á que concorrerán o Interventor, a Tesoureira, a Técnico de Rendas e Exaccións, e o contratista ou o seu representante autorizado. Se se considera que o traballo reúne as condicións debidas darase por recibido, redactando para este efecto a acta correspondente.

Se os traballos non reunisen as condicións necesarias para proceder á súa recepción, dítaranse, por escrito, ao contratista as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigas no prazo que para iso se fixe, que será sen sanción, non procedendo a recepción dos traballos ata que as ditas instrucións sexan cumpridas, caso no que se redactará a acta correspondente. O seu incumprimento sen motivo xustificado será causa de resolución contractual.



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

Exp.: 2010/001/000032

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES  
PARA A CONTRATACIÓN DE MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO  
SERVIZO DE ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN FISCAL DE  
TRIBUTOS DO CONCELLO DE ARTEIXO

## DISPOSICIÓNS XERAIS

### 1.- OBXECTO DO CONTRATO (arts. 22, 74 e 100 LCSP, 67 RG)

Será obxecto deste contrato o asesoramento e colaboración na comprobación e/ou inspección fiscal dos tributos do Concello de Arteixo (agás os excluídos no parágrafo seguintes) , así como nos procedementos sancionadores que se poidan derivar das actuacións de comprobación e/ou inspección fiscal.

Non se inclúe no obxecto deste contrato o Imposto sobre Bens Inmобles, Imposto de Actividades Económicas, nin Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, por estar delegados na Deputación Provincial.

Sí se inclúen, polo tanto, o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, e taxas que se xestionen directamente polo Concello. Neste sentido sinalar que o Concello iniciou o expediente para delegar na Deputación Provincial a inspección da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo e voo do dominio público municipal a favor das empresas explotadoras dos servizos de suministros, polo que deixaría de estar incluída no obxecto deste contrato dende o momento da delegación efectiva.

Xustifícase a súa necesidade para os fins do servizo público correspondente no Incremento da recadación voluntaria dos recibos e liquidacións postos ao cobro, en evitar a evasión e fraude fiscal, así como transmitir sensación de control e de xusta distribución das cargas tributarias.

O Prego de prescricións técnicas, entre outros extremos, describe as prestación de asesoramento e colaboración que constitúen o obxecto do contrato, a forma e os medios cos que deberán executarse.

Os actos que supoñan exercicio de autoridade corresponderán, en todo caso, ao persoal que ostente a condición de funcionario público.

O devandito obxecto corresponde ao código 74.87.12 da nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades 2002 (CNPA-2002), así como ao código 74122100-1 da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓN BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

## 2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN (arts. 40.1 e 291 LCSP, 3 DA 2ª 4 RG)

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Arteixo, é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía

2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente, que será a Contenciosa Administrativa.

## 3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

3.1.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 19 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), quedando sometida a dita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

3.2.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

## 4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR (art. 43, 45, 46,47, 53 e 61.3 LCSP e arts. 9 e 10 RG)

4.1.- Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 49 do LCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 62 do LCSP.

## 5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES (art. 54, disp. transit. 5ª LCSP)

5.1.- Non se esixe clasificación para participar nesta licitación.

## 6. ORZAMENTO DE LICITACIÓN (arts. 76 e 278 LCSP)

6.1.- O orzamento de licitación é de 75.000 euros para o horizonte temporal de dúas



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓN BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 - 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Mobil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

anualidades. Este importe é estimativo e está calculado sobre a base da porcentaxe máxima de licitación indicada no sistema de determinación quedando fixada definitivamente na adxudicación.

**Sistema de determinación do prezo.** Consonte coa modalidade deste contrato o orzamento máximo do gasto será a suma do 30 por cento das cantidades netas recadadas nos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal, e nos procedementos sancionadores derivados do contrato, IVE e demais exaccións ou tributos incluídos, **debendo as empresas licitadoras realizar as ofertas á baixa sobre esta porcentaxe.**

O IVE correspondente, 16% do orzamento base anterior, ascende a 12.000 euros

## **7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO** (art. 26.1.k LCSP e 67.2.d RG)

Para atender ás obrigacións económicas que se deriven da contratación, existe crédito con cargo á partida orzamentaria 931.22799, que se declarará ampliable.

## **8. REVISIÓN DE PREZOS** (arts 77 e ss. LCSP).

Na presente contratación non haberá revisión de prezos.

## **9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN** (arts. 23, 197 e 279 LCSP)

**9.1.-** O contrato terá un prazo máximo de execución de 24 meses, a contar desde o día de formalización do contrato, salvo que a súa tramitación se declare de urxencia, en cuxo caso a súa execución comezará desde a data en que, unha vez adxudicado o contrato, se constituía a garantía definitiva correspondente. (art. 96.2.c LCSP).

Nos primeiros 21 meses de vixencia do contrato executaranse a totalidade das actividades de Asesoramento e Colaboración. No Prego de prescricións técnicas



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

especificase cando se entende que a actividade de Asesoramento e Colaboración se realiza dentro do período parcial de Asesoramento e Colaboración.

Os últimos tres meses o contratista limitarase a presentar factura en función das cantidades efectivamente recadadas, podendo realizar aquelas actuacións dos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal ou sancionadores a que se fai referencia no terceiro parágrafo do punto 3.2 do Prego de Prescipcións técnicas.

Este contrato non é susceptible de prórroga.

## II. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

### 10.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN (arts. 93.4, 134, 141 e 144 LCSP)

10.1.- A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar é de 64.655,17 € consonte o sinalado o sinalado na cláusula 6 deste prego. E no Artigo 76 da LCSP.

10.2.- O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan na cláusula seguinte, por ser os adecuados para avaliar o interese das melloras que se oferten respecto das características dos servizos a realizar.

#### 10.3.- Criterios de adxudicación.

Son criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato os seguintes, por orde decrecente de importancia con arranxo á seguinte ponderación:

##### a) Oferta económica: 60 puntos.

Asignarase 60 puntos á maior baixa no prezo e de xeito proporcional a ditos puntos ás baixas inferiores.

##### b) Plan de traballo: 35 puntos.

Atenderase aos seguintes factores:

1.- Medios persoais con titulación específica para a dirección e execución dos traballos. Pondérase ata un máximo de 30 puntos.

2.- Procedementos e métodos de autoavaliación da calidade. Pondérase ata un máximo de 5 puntos.

c) Melloras: 5 puntos. A puntuación deste aspecto seguirá unha fórmula de funcioanemento idéntico ó da oferta económica polo que a expresión das melloras deberá de facerse de forma valorada, e dita valoración debe de ser motivada e razoada, de non cumprirse estes requisitos as memmoras non serán obxeto de valoración.

10.4.- Procedemento de avaliación das proposicións.




# CONCELLO DE ARTEIXO


OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓN BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)



04 JUN 2010



Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

A valoración das ofertas realizarase de acordo co seguinte procedemento:

10.4.1.- A avaliación das ofertas respecto dos criterios b) e c) que non son avaliábeis en cifras ou porcentaxes, realizarase en primeiro lugar.

O resultado de dita valoración deberá ser argumentado e xustificado no correspondente informe de valoración que se incorporará ao expediente.

10.4.2.- Nun acto posterior, de acordo co disposto neste prego, a Mesa de contratación realizará a valoración das ofertas respecto do criterio a).

## **11.- GARANTÍA PROVISIONAL**

De acordo co establecido no artigo 91.1 da LCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisional.

## **12.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN** (art. 129.1 LCSP e art.80 RG)

12.1.- As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo (R/ Alcalde Ramón Dopico nº1, 15142- Arteixo- A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de **15 días naturais** a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

12.2.- A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

12.3.- A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

## **13.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓN** (arts. 61, 129 e 130 LCSP e art. 80 RG)

13.1.- As proposicións constarán de 3 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente "SERVIZO DE ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN FISCAL DE TRIBUTOS DO CONCELLO DE ARTEIXO " e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)



O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

As proposicións para a licitación presentaranse en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concorran e asinado pola persoa licitadora ou quen a represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, facendo constar asimesmo o número de expediente que consta nos pregos . No interior de cada sobre farase constar en folia independente o seu contido, enunciado numericamente.

## **13.2.- SOBRE N.º A** Subtitulado: Documentación Xeral "SERVIZO DE ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN FISCAL DE TRIBUTOS DO CONCELLO DE ARTEIXO"

O seu contido será o seguinte:

De conformidade co que dispón o artigo 130 da Lei de contratos do sector público, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas leis, polo que será preciso a presentación de orixinais ou copias debidamente autenticadas:

- a) A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas que se acreditará mediante escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixíbel consonte á lexislación mercantil que lle sexa aplicábel. De non o ser, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea ou signatarias do acordo do espazo económico europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RGLCAP, en función dos diferentes contratos.

As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva misión diplomática permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3, en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulamentación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio, segundo dispón o art. 44 LCSP.

No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o documento nacional de identidade e, no seu caso, a escritura de apoderado debidamente legalizada ou as súas fotocopias debidamente autenticadas.

- b) Declaración responsábel de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no art. 49 LCSP, que comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ao



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓN BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 -- 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Mobil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. A proba desta circunstancia poderá facerse por calquera dos medios sinalados no art. 62 LCSP.

- c) Poder bastante para o efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Dito poder deberá de ser bastanteado pola secretaría do Concello de Arteixo ou presentarse bastanteado por quen teña facultades de fe pública nos últimos seis meses, non será preciso presentar o bastanteo cando , o firmante da proposición e documentación teña condición de administrador único, e dito extremo sexa comprobable coa documentación aportada.
- d) Xustificación dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, nos seguintes termos:

-No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP, non obstante no caso das declaracións de institucións financeiras farán referencia a Solvencia da empresa para a execución do concreto obxecto contractual deste expediente , e polo importe ó que este expediente se refire.

- a solvencia técnica será acreditada POLOS SEGUINTE MEDIOS:

1º -a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º-. o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo co disposto na cláusula 11.5 do presente prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 206.g) da LCSP. (art. 53 LCSP)

Para estes efectos os licitadores deberán aportar a seguinte documentación:

- Medios Persoais:

A) Relación de méritos do máximo responsable e encargado da execución do contrato, que poña de manifesto a súa idoneidade pola súa experiencia na realización de traballos con idénticas características ás do contrato, na que se indicará a súa titulación académica e profesional.

B) número de traballadores, especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais: relación de material, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ó contrato, axeitada ás súas características de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da mesa de contratación, terá carácter excluínte.

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos





# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 73.1 da LCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou da Deputación Provincial da Coruña, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

Este requisito será substituído pola clasificación que se indica nos presentes pregos nos casos previstos no art. 54 LCSP, e cando esta sexa esixible, sen perxuízo da aplicación do disposto no Art. 63 da LCSP.

- e) As empresas estranxeiras achegarán unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.
- f) Unha relación de todos os documentos incluídos nestes sobre.
- g) Os documentos poderán presentarse orixinais ou mediante copias dos mesmos que teñan carácter de auténticas, consonte á lexislación vixente.

Os documentos que se acompañen ás proposicións **haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.**

**Prégase asimismo que se absteñan de introducir no sobre de documentación documentos ou información non solicitada ou da que se atopen dispensados da súa entrega.**

**TÓDALAS DECLARACIÓNS que se presenten en TÓDOLOS SOBRES deberán estar asinadas polo licitador en tódalas follas**, se estivesen integradas por varias follas, e se se presentaran grapadas ou encadernadas bastará que se asine a primeira e última folia **de cada declaración.**

- **PREGASE ÓS LICITADORES ESPECIAL DILIXENCIA RESPECTO DO ESTABLECIDO NOS DOUS PARÁGRAFOS ANTERIORES**

Os Licitadores que concorran no procedemento quedarán dispensados de achegar a documentación que poida quedar acreditada pola presentación de certificados ou copias compulsadas dos mesmos expedidas polos responsables do **Rexistro oficiais de licitadores e contratistas da Deputación da Coruña.**

**13.3.- SOBRE N.º B** Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adjudicación **b) e c)** NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **“SERVIZO DE ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN FISCAL DE TRIBUTOS DO CONCELLO DE ARTEIXO”**

Os licitadores incluírán neste sobre a documentación relacionada cos criterios de



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Telf.: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

adxudicación numerados no parágrafo anterior, contendo todos os elementos que a integran, e especificamente:

**Memoria detallada do plan de traballo** que os licitadores propoñan para realizar as prestacións de asesoramento e colaboración que comprende o contrato, tendo en conta as especificacións técnicas do prego de prescripcións técnicas.

A memoria terá en conta o Plan de control tributario do Concello de Arteixo con arranxo aos criterios establecidos no Prego de prescripcións técnicas.

A memoria describirá pormenorizadamente os medios persoais e materiais que integre no contrato, con especial referencia ás características do persoal a adscribir ao contrato segundo o prego de prescripcións técnicas, así como os procedementos que propón para a realización das actuacións de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadoras, así como para realizar un seguimento e avaliación das actuacións realizadas.

**Relación detallada de melloras** que ofertan os licitadores para aumentar a calidade das prestacións previstas neste prego, entendendo que non van supoñer ningún custo adicional para o Concello de Arteixo

En relación cos devanditos criterios de adxudicación, o licitador deberá aportar a documentación que, ó respecto, fixa o prego de prescripcións técnicas.

**13.4.- SOBRE N.º C** Subtitulado: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliáveis mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de "SERVIZO DE ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN FISCAL DOS TRIBUTOS DO CONCELLO DE ARTEIXO"

Os licitadores incluírán neste sobre a documentación relacionada co criterio de adxudicación a), avaliábel mediante cifra ou porcentaxe.

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rexeitada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido. (art. 129.5 LCSP), se non fora posible facer a expresión de dito importe, xunto coa expresión do porcentaxe que suporá a súa participación nas cantidades efectivamente recadadas, expresando a rebaixa sobre o máximo sinalado na cláusula 6 do prego (30%).



# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA E RENDAS

RELGA N.º MU 2000 / 141


Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: tesoureria@arteixo.dicoruna.es



**13.5.-** Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refiren os dous últimos apartados, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas. (art. 129.3 LCSP)

Os licitadores deberán incluír na súa proposición unha relación detallada dos medios persoais e materiais que se comprometen a adscribir á execución do contrato.

## **14.- MESA DE CONTRATACIÓN** (art. 295 LCSP e art. 79 RG)

A Mesa de contratación estará integrada segundo o establecido no acordo da Xunta de Goberno local de 4 de xullo de 2007 .

## **15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL** (arts. 71 LCSP e 22, 81 e 82 RG)

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº A**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo **non superior a tres días** hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.



# CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA E RENDAS

RELGA N.º MU 2000 / 141


Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: [tesoureria@arteixo.dicoruna.es](mailto:tesoureria@arteixo.dicoruna.es)



Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios.

## 16.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

16.1.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do **SOBRE N° A** e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, realizará, a apertura do **SOBRE B** dos licitadores admitidos, contendo a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes. A mesa acordará a remisión da documentación ó/ós técnico/s municipais que emitirán informe debidamente motivado sobre estes criterios.

16.2.- Recibido o citado informe, se fixará a data e lugar en que se levará a cabo a apertura en acto público do **sobre C** contendo a oferta económica, convocando ós licitadores, a través dun anuncio no perfil do contratante do órgano de contratación.

16.2.1.- Constituída a Mesa de contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, a presidenta dará conta ós asistentes do número de proposicións recibidas e do nome dos licitadores, no que se refire á expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

16.2.2.- A continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura do **SOBRE C** dos licitadores admitidos, dando lectura á oferta económica.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da Mesa.



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 - 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

16.3.- A Mesa de contratación, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, acompañada, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún mentres o órgano de contratación non dite a resolución de adxudicación provisional. (art. 144.2 LCSP)

## **17.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA** (arts. 135, 139, 145 LCSP)

17.1.- Á vista da proposta da Mesa de contratación, o órgano de contratación ditará a adxudicación provisional do contrato no prazo máximo de dous meses, a contar desde a apertura das proposicións. Transcorrido o indicado prazo sen dictarse acordo sobre a adxudicación provisional, os licitadores poderán retirar as súas ofertas e as garantías constituídas. (art. 145.4 LCSP)

17.2.- A adxudicación provisional que realice o órgano de contratación deberá acomodarse á proposta da Mesa de contratación, salvo que expresamente xustifiquense os motivos para apartarse de tal proposta, ou que esta se efectuou con infracción do ordenamento xurídico.

17.3.- A adxudicación provisional deberá ditarse en todo caso, sempre que algunha das proposicións presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación. Non obstante, nos termos previstos no artigo 139 da LCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación provisional, poderá renunciar a celebrar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non subsanables, debendo de indemnizar aos licitadores, en ambos casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles houbese efectivamente ocasionado.

17.4.- A adxudicación provisional notificarase aos licitadores, e publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación. (art. 135.3 LCSP), sendo esta publicación a que marque o inicio do cómputo dos prazos, ós que e refire o Art. 135 da LCSP.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada e publicarase consonte ao establecido nos artigos 42 e 135.3 da Lei de contratos do sector público.

En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais, contados desde que remate o prazo de presentación de proposicións.

Para que a adxudicación provisional sexa elevada a definitiva, a persoa adxudicataria deberá presentar a seguinte documentación, (**PRÉGASE ATENTA LECTURA DESTE APARTADO**)

**A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorra 15 días hábiles contados DESDE O SEGUINTE a aquel en que se PUBLIQUE aquela no perfil do contratante do órgano de contratación.**

**Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá aportar os documentos acreditativos de estar ao corrente coas súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, de constituir a garantía definitiva. Asimesmo, poderá esixirse motivadamente ao adxudicatario que acredite de novo a súa personalidade e capacidade para contratar.**

**A documentación a entregar neste momento será a seguinte:**



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

- Certificacións expedidas polos órganos competentes en cada caso, coa forma e cos efectos previstos nos arts. 13, 14, 15 e 16 do RCAP, acreditativas de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsábel de non terse dado de baixa na matrícula do devandito imposto.
- Ratificación dos compromisos adquiridos coa oferta.
- A constitución da garantía acreditarase adxuntando á documentación sinalada o resguardo entregado pola tesourería tras o depósito da garantía definitiva

Se no devandito prazo non se recibise esta documentación ou o licitador non xustificase que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Mesa de Contratación propoñerá como adxudicatario provisional ao licitador ou licitadores seguintes por orde das súas ofertas.

Cando as persoas licitadoras teñan concorrido en Unión temporal de empresas, a escritura de constitución deberá achegarse antes da formalización do contrato.

Igualmente, cando se lle esixa á persoa adxudicataria que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá achegarse a póliza correspondente.

**17.5** Dentro dos 10 días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de 15 días hábiles para a presentación da documentación do adxudicatario provisional, o órgano de contratación deberá ditar resolución de adxudicación definitiva a favor do adxudicatario provisional, sempre que este presente dita documentación e acreditado que reúne as condicións esixidas ao efecto.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao licitador que resultase adxudicatario provisional, por non cumprir este as condicións necesarias para iso, a Administración, de conformidade co establecido no artigo 135.5 da LCSP, poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade, caso no que se lle concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprimentar o sinalado nas cláusulas 18 e 19.

## **18. CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA** (arts. 83, 84, 87 LCSP)

**18.1.-** O adxudicatario provisional deberá acreditar, no prazo de 15 días hábiles desde que se publique a adxudicación provisional a constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE. **SEGUNDO O ESTABLECIDO NO APARTADO ANTERIOR.**

**18.2.-** A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, ou por retención de parte do prezo, en a forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse a súa importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 - 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

**18.3.-** Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de quince días, contados desde a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 87 da LCSP.

A estes efectos, non se considerarán variacións de prezo aquelas que se produzan como consecuencia dunha revisión do mesmo.

**18.4.-** No prazo de quince días, contado desde a data en que se fagan efectivas, no seu caso, as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repor ou ampliar a garantía constituída na contía que corresponda, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

### III. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

#### **19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO** (art.. 140 LCSP)

**19.1.-** O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á data de notificación da adxudicación definitiva, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá a oferta do adxudicatario, un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 48 LCSP)



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

**19.2.-** O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

**19.3.-** Se por causa imputable ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, seguindo para ese efecto o procedemento establecido no artigo 109 do Regulamento Xeral da LCAP. En tal suposto, procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados.

De non ser un contrato suxeito a regulación harmonizada, a Administración, de conformidade co establecido no artigo 135.5 da LCSP, poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade, nese caso concederase a este un prazo de dez días hábiles para cumprimentar o sinalado nas cláusulas 18 e 19.

**19.4.-** No caso de que no expediente recaia declaración de urxencia, poderase, previa constitución da garantía definitiva cando fose esixible, iniciar a execución do contrato sen a previa formalización, de acordo co previsto no artigo 96.2.c) da LCSP.

## IV.EXECUCIÓN DO CONTRATO

**20.- RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO** (art. 41 LCSP)

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización axústase ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

## **21.- OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA**

**21.1.-** O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, darlle o responsable do contrato designado polo órgano de contratación, e as condicións da oferta do adxudicatario que teñan carácter de obriga contractual.

**21.2.-** A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. (art. 199 LCSP)

Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis. (art. 198 LCSP)





# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 - 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

O contratista será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra de acordo co establecido no artigo 281 da LCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

**21.3.-** O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

**21.4.-** O contratista facilitará á Administración, sen ningún custe adicional, cantos servizos profesionais se estimen necesarios por está para o correcto desenvolvemento e cumprimento do obxecto do contrato, como asistencia a reunións explicativas, información ao público, etc.

**21.5.-** O contratista deberá dispor dunha póliza de seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para responder de eventuais riscos que se puidesen producir como consecuencia da execución deste contrato.

## **22.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA**

**22.1.-** Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais ata un límite de 2.000 euros, así como as taxas e outros tributos que procedan de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente. (art. 129.5 LCSP)

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

## **23.- ABONOS AO CONTRATISTA** (art. 200 LCSP).

**23.1.-** Aboarase contra a presentación da factura de forma bimestral relativa aos ingresos efectuados durante o devandito período. Achegarase xunto coa factura a documentación que, de estimarse precisa, xustifique a realización total ou parcial das prestacións executadas, especialmente a relativa aos ingresos producidos.

En todo caso, as facturas deberán ter o visto e praxe do Concelleiro de Facenda e da Técnico de Rendas e Exaccións.



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

Durante o período de permanencia seguirase facturando en función dos ingresos efectivamente producidos.

Ao remate deste período liquidarase o contrato.

**23.2.-** O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión forneza efectos, e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión. (art. 201 LCSP)

## **24.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS** (art. 196 LCSP)

**24.1.-** O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos no presente prego.

**24.2.-** Se chegado o final do traballo, o contratista incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

**24.3.-** A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

**24.4.-** A constitución en mouro do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

**24.5.-** Se se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 197.2 da LCSP.

## **25.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO O INCUMPRIMIENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO**

**25.1.-** No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato. (art. 196.1 LCSP)



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

**25.2.-** Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:

## Infraccións:

As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes, e especificamente, atendendo ó menor ou maior prexuízo que con elas se cause ó funcionamento do servizo ou ó público en xeral.

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- a. O incumprimento reiterado das condicións de execución do obxecto do contrato establecidas no presente prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicables e demais normativa aplicable, que produza consecuencias prexudiciais na prestación do servizo.
- b. O incumprimento polo adxudicatario da normativa en materia laboral, de seguridade Social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento, así como as obrigas económicas derivadas do imposto sobre a renda das persoas físicas ( IRPF) e Seguridade Social dos empregados.
- c. Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte do obxecto do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Concello.
- d. As interrupcións ou suspensións na execución do contrato, agás cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou previstas neste prego, ou aínda concorrendo se non se cumpre o previsto neste prego e no de condicións técnicas e económicas.
- e. O incumprimento da obriga do contratista de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ó contrato, sempre que mediara requirimento municipal para a corrección destas circunstancias, non atendido no prazo dun mes.
- f. O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a execución do contrato que sexan procedentes de acordo co contido deste prego, ao prego de condicións técnicas e económicas e da normativa vixente.
- f. Falsar información a subministrar ó órgano de control do Concello, de conformidade co disposto neste prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.
- g. A reiteración de dúas ou máis infraccións graves no período de seis meses.
- h. O incumprimento da lexislación vixente en materia de confidencialidade de datos



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVIZOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

persoais e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puidesen derivarse para o contratista.

Consideraranse infraccións graves

- a. O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ó contrato, agás que tivese o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- b. O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicábeis e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- c. A obstrución polo adxudicatario do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.
- d. A falta de contracción de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren este prego e o de condicións técnicas e económicas.
- e. A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.

Considéranse infraccións leves:

- a. Todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas neste prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e demais normativa aplicable.
- b. Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delito ou falta, o Alcalde porá os feitos en coñecemento das autoridades xurídicas competentes.

## Sancións:

As infraccións cometidas polo xestor sancionaranse da seguinte forma:

- a. As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 3.005,06 euros.
- b. As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de contía entre os 3.005,06 euros e os 9.015,18 euros.
- c. As faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 30.050,60 euros ou declarar a resolución do contrato.

Todas as sancións imporanse logo da audiencia e tramitación de expediente sancionador, de acordo coas normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

## V.SUBCONTRATACIÓN

### 26.- SUBCONTRATACIÓN (art. 210 LCSP)

En aplicación do disposto no artigo 210.1 da LCSP, este contrato non é susceptible de subcontratación.



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓN BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)


Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)



## VI. MODIFICACIÓN DE CONTRATO

### 26.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 194, 202 e 282 da LCSP. En tales casos estarase ao disposto nos artigos 140 e 202 da LCSP.

### 27.- SUSPENSIÓN DO TRABALLO OBXECTO DO CONTRATO (art. 203 LCSP e 103 RG)

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 200.5 da LCSP e a cláusula 25.2 do presente prego, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 285 da LCSP.

## VII.FINALIZACIÓN DO CONTRATO

### 28.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO (arts.205, 283 LCSP e arts.108, 203.2 e 204.3 RG)

**28.1.-** O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

**28.2.-** Se os servizos non se atopan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓN BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

**28.3.-** Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

## **29.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO**

**29.1.-** Ademais de en os supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 207 e 285 da LCSP.

**29.2.-** Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante. (art. 277.4 LCSP)

## **30.- PRAZO DE GARANTÍA** (art. 205.3 e 283.2 LCSP)

**30.1.-** O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

**30.2.-** Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 281 da LCSP.

## **31. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA** (art. 90 LCSP)

**31.1.-** Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

**31.2.-** Transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 88 da LCSP.

## **32.- CONFIDENCIALIDADE**

A empresa adxudataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

En calquera caso, estará suxeito ó cumprimento da lexislación vixente na materia de Seguridade para a Protección de Datos de Carácter Persoal.



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓNS BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 - 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.
- Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adxudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adxudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estricte confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Arteixo con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

### **33.- DESTINO E PROPIEDAD INTELECTUAL**

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adxudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden ó Concello de Arteixo con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

En consecuencia, todos os traballos realizados polo adxudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adxudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

A empresa adxudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade.



# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓN BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 - 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)


Tel.: 981 600 009

Móbil: 696 454 532

Fax: 981 602 528

Email:

[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)



ANEXO I

## MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. ...., con D.N.I. nº ....., maior de idade, con domicilio en , vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Concello de Arteixo para a contratación do **Servizo de Asesoramento e Colaboración na Inspección Fiscal dos tributos do Concello de Arteixo**, e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome (propio ou das persoa/s ou entidade/é que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a executar o contrato de referencia polo seguinte importe:-----

% sobre as cantidades netas recadadas nos expedientes de procedementos de comprobación e/ou

inspección fiscal e realizadas pola empresa adxudicataria, que teñan a súa orixe na instrucción de expedientes de comprobación e/ou inspección e sancionadores que se realicen durante a vixencia deste contrato.

Lugar, data e firma do licitador

## ANEXO II

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ en nome propio ou en representación da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de **Servizo de Asesoramento e Colaboración na Inspección Fiscal dos tributos do Concello de Arteixo** declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP.

Así mesmo **declara** que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Arteixo.

(Lugar, data e sinatura do proponente)






# CONCELLO DE ARTEIXO

OBRAS E SERVICIOS, CONTRATACIÓN. BENS E PATRIMONIO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Travesía de Arteixo, 249 – 2º  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 600 009  
Móbil: 696 454 532  
Fax: 981 602 528  
Email:  
[contratacion@arteixo.dicoruna.es](mailto:contratacion@arteixo.dicoruna.es)



**Modelo de AVAL**

La Entidad (*razón social del banco, caja de ahorro, cooperativa de crédito, establecimiento financiero de crédito o sociedad de garantía recíproca*) ... .. con domicilio (*a efectos de notificaciones y requerimientos*) en ... ..  
..., en la calle/plaza/avenida ... .., código postal ..., y en su nombre (*nombre y apellidos de los Apoderados*), con poderes suficientes para obligarle en este acto, según resulta de la verificación de la representación de la parte inferior de este documento,

## AVALA

a: (*nombre, apellidos y NIF de la persona, o razón social y CIF de la empresa avalada*) ante el Ayuntamiento de Arteixo por importe de .....(*en letras mayúsculas*).....( *en números €*) para responder de (*detallar el objeto del contrato u obligación asumida por el garantizado, según figura redactado en la resolución notificada donde se requiere la garantía, o acuerdo de la junta de gobierno local de adjudicación, identificando el número del expediente y la fecha del acuerdo de la junta de gobierno local o Resolución de Alcaldía*).

Este Aval se otorga solidariamente respecto al obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión a que se refiere el artículo 1.830 del Código Civil y con compromiso de pago al primer requerimiento de la Tesorería del Ayuntamiento de Arteixo, con sujeción a los términos previstos en la Lei de Contratos del Sector Público de 30 de octubre de 2007 y al RD 1098/2004, de 12 de Octubre, el artículo 56 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas y demás normas de desarrollo así como en la normativa reguladora de la Tesorería del Ayuntamiento de Arteixo

Este aval será de duración indefinida, permaneciendo vigente hasta que el Ayuntamiento de Arteixo resuelva expresamente declarar la extinción de la obligación garantizada y la cancelación del aval, siendo inscrito en esta misma fecha en el Registro Especial de Avaluos con el nº

.....(*Lugar y fecha de su expedición*)  
.....(*Razón social de la entidad*)  
.....(*Firma de los Apoderados*)

| VERIFICACIÓN DE LA REPRESENTACIÓN POR LA SECRETARÍA GENERAL DEL AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO O POR LA ABOGACÍA DEL ESTADO |        |                  |
|--|--------|------------------|
| Provincia:   | Fecha: | Número o Código: |
|  |        |                  |